# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA
CURSO: 4º ESO
MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA
DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA
DATA: 11-5-2020

XEFE DO DEPARTAMENTO: JESÚS MARTÍN CARRASCO

**ÍNDICE**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

2. Avaliación e cualificación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

4. Información e publicidade.

1-Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico. | Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo |
| | Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración |
| Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América. | Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías |
| Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX. | Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras |
| Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal. | Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra. |
| Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios | Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. |
| Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo | Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais |
| Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país | Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España. |
| Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX | Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. |
| Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo | Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. |
| Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa | Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución rusa na súa época e na actualidade. |
| Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período | Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia. |

| | |
|---|---|
| de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época | |
| Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa | Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. |

2-Avaliación e cualificación.

| | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>Traballo co ordenador: elaboración de táboas e gráficas.<br>Análise de textos históricos<br>Preguntas pechadas e abertas, de selección múltiple, de emparellamento, …<br>Análise e interpretación de mapas.<br>Elaboración de esquemas.<br>Elaboración de eixes cronolóxicos |
| | Instrumentos:<br>Escala de observación (numéricas e descriptivas)<br>Diario |
| **Cualificación final** | Nota media da primeira e segunda avaliación + ata 2 puntos en función das tarefas realizadas dende o 13 de marzo.<br>O alumnado que tivera unha ou dúas avaliacións suspensas terá a oportunidade de recuperala durante este período, e terase en conta dita recuperación para a cualificación final.<br>As tarefas que se entregan fora de prazo, unha vez que o profesor xa colgou as solucións na aula virtual, non contan para subir nota. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | En setembro a proba consiste nun exame baseado nos contidos impartidos ata o 13 de marzo |
| **Alumnado de materia pendente** | Non procede. |

3-Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

| | |
|---|---|
| **Actividades** | As tarefas son de 3 tipos: de recuperación, de reforzo e de ampliación. |

| | |
|---|---|
| | As de recuperación son para aquel alumnado que suspendeu unha ou as dúas avaliacións, e terá que traballar durante este período para recuperar.<br>As de reforzo e ampliación son para o alumnado que non ten que recuperar, e que tivera tanto notas baixas dentro do aprobado como altas:<br>Análise de textos do Antigo Réxime: absolutismo, ilustración, parlamentarismo británico, …<br>Exercicios de definir conceptos como división de poderes, soberanía nacional, …<br>Análise de textos sobre a indeoendencia de EE.UU., a revolución francesa, a Restauración, as revolucións liberais, as unificacións de Italia e Alemaña, …<br>Análise de mapas sobre a expansión do ferrocarril en Europa.<br>Exercicio teórico sobre as causas da revolución industrial.<br>Elaboración de eixes cronolóxicos sobre o século XIX en España, e análise das principais características de cada etapa.<br>Análise de textos sobre as xustificacións do imperialismo.<br>Análise dun mapa de África e Asia no que aparecen as colonias europeas.<br>Análise de textos relacionados coaqs causas da primeira guerra mundial.<br>Análise de textos sobre a revolución rusa, o fascismo e o nazismo. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Os luns a primeira hora (8:30) o profesor colga as tarefas na aula virtual do centro, na que aparecen a explicación das mesmas, os materiais necesarios para a súa elaboración e o prazo de entrega. Por acordo xeral do profesorado da ESO en reunión telemática, estableceuse os venres ás 17:00 horas como prazo para a entrega das tarefas por parte do alumnado. Esta entrega de tarefas realízase a través do correo electrónico facilitado polo profesor.<br>Durante a semana o profesor vai resolvendo dúbidas, corrixindo as tarefas segundo van chegando e comunicándolle ao alumnado o resultado da mesma.<br>O fin de semana o profesor colga na aula virtual as solucións das tarefas. |
| **Materiais e recursos** | Libro de texto, documentos (textos, mapas, gráficos, …) aportados polo profesor, páxinas web |

4-Información e publicidade

| | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O profesor utilizará a aula virtual e o correo electrónico para comunicarse co alumnado e as familias |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |